



PLAN DIXITAL

CEIP O COTO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora e revisión

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Centro educativo:CEIP O COTO

Código de centro:15010575

Dirección: rúa Rosalía de Castro, s/n – 15830 – Negreira (A Coruña)

Teléfono: 881 866 822

Correo electrónico:ceip.ocoto@edu.xunta.gal

Páxina web:<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipocoto/>

Etapas educativas: Infantil e Primaria

Alumnado: 500

Profesorado:42

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.**

O CEIP O Coto é un centro público de Infantil e Primaria situado na vila de Negreira. Conta con 500 alumnos matriculados (119 en Educación Infantil e 381 en Educación Primaria), con 24 unidades en funcionamento. Nos últimos en Educación Infantil houbo una diminución importante de alumnado que supuxo a perda de unidades.

Acode a este centro alumnado das 18 parroquias que compoñen o concello, algúns facendo un desprazamento importante tanto en número de km como en tempo, xa que son de aldeas limítrofes con outros concellos como a Serra de Outes.

Negreira conta con todos os servizos imprescindibles, e isto, xunto coa vivenda a prezo económico deron como resultado un maior despoboamento do rural e asentamento na vila.

A base económica do municipio aséntase no sector servizos, comercio como principal baluarte. A feira dos domingos atrae a moita xente da contorna. Tamén está en auxe o polígono industrial co asentamento de empresas importantes como Servicio Móbil. Outros sectores representativos na economía son pequenas empresas de costura, madeira e explotacións gandeiras.

Tamén salienta que a vila é un importante centro receptor de familias inmigrantes o que repercute en novo alumnado no centro.

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**

A documentación do centro non está actualizada polo que estes obxectivos dixitais, xunto ás novas concrecións doutros ámbitos, serán tidos en conta de cara a elaborar un novo PE.

Malia todo, estes últimos anos, estase aumentando a implicación das TIC no centro, por exemplo, participando no programa *Digicraft*; creando unha liña PFPP relacionada coa robótica e dotando ao centro dun lote de robots; empezando a empregar os libros dixitais a través do programa *E-Dixgal* este curso actual en 5º, traballando con recursos compartidos na aula virtual...

Todos estes cambios modifican a realidade do centro, que se verán reflectidos no momento de actualizar a documentación.

● **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

A Programación Xeral Anual (PXA) do vindeiro curso 22/23, debe ter en conta este PD así como os obxectivos establecidos no Plan de Acción de cara a crear o marco idóneo para a súa consecución.

Así mesmo, este PD formará parte do Plan de Dinamización das TIC que se incluírá na PXA.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa na que se vai fundamentar o plan dixital do CEIP O Coto é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

De acordo ás diferentes tarefas encomendadas a través dos nosos asesores ADIX, fomos seguindo os pasos establecidos, tal como se recolle na imaxe dos círculos adxuntada. Concretamente:

- Ante a resolución do 3 de setembro, asignouse a coordinadora e o grupo de traballo.
- En novembro coñecemos á nosa asesora ADIX asignada e matriculámonos na aula virtual.
- En decembro configúrase o SELFIE e envíase para a súa cumplimentación aos mestres, equipo directivo e alumnado.
- En febreiro, como mestres, cubrimos o test CDD e dende o grupo de traballo valoramos os resultados obtidos, malia a subxectividade do test.
- En marzo, coa información recabada, o grupo de traballo reflexiona sobre os puntos Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades para elaborar o informe DAFO na aula virtual, mediante o recurso *board*.
- En maio, establécense os obxectivos do plan de acción de cara ao vindeiro curso. Concretamente, un obxectivo relacionado coa formación do profesorado, un vinculado á competencia dixital do alumnado e por último, un obxectivo asociado á infraestrutura do centro.
- En xuño, elabórase a primeira versión do plan dixital.



2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

No centro cóntase tanto de conexión cableada como de conexión sen cable (inalámbrica). No caso da conexión cableada, emprégase principalmente para os ordenadores das aulas así como para os despachos de dirección e administración.

En canto ás conexións sen rede, dispónse de varias redes empregadas nas diferentes zonas do colexio ou para diferentes fins. Unha conexión emprégase para os ordenadores de aula que non contan con conexión á rede así como os ordenadores da aula de informática, sendo esta conexión a veces moi deficiente cando a empregan varios alumnos/as á vez. Por outra banda, contamos coa conexión Abalar para os dispositivos E-dixgal. Por último, cóntase tamén coa conexión de *edu.xunta*.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos:**

Espazo	Recurso	Cantidade	Estado
18 Aulas de Primaria (16 EP sen contar 5º Edixgal + Aula Música + Aula Inglés)	Ordenador de aula	1 por aula	Case a totalidade están obsoletos e dan erros.
	Canón	1 por aula	Varios anos xa de uso
	Pizarra Dixital- PDI	1 por aula	Non calibran, non funcionan como pizarras interactivas. Están mal situados nalgunhas clases dificultando a visión
3 Aulas Edixgal (5º)	Ordenador de mestre	1 por mestre	Bo
	Ordenador de alumnado	1 por alumno	Bo
	Pizarra dixital interactiva	1 por aula	Funcionan correctamente
	Armario de carga	NON HAI	AÍNDA NON HAI
7 Aulas de Infantil	Ordenador de aula	1 por aula	Algún non funciona
	Canón	1 por aula	Mal calibrados, mala calidade de imaxe
	Pizarra Dixital Interactiva	NON HAI	Non hai PDI nesta etapa, só proxectores
Aula de Informática	Ordenadores portátiles	26 portátiles 14 <i>FendaDixital</i> 12 <i>Digicraft</i>	Uso limitado. Pertencen a <i>Fenda Dixital</i> e a <i>Digicraft</i> .
	Ordenador de aula	1	Diferente software ao do alumnado para explicacións
	Tablets	18 12 uso xeral 6 uso alumnado neae	Recente adquisicións (últimos cursos). Escasas para traballar cos 500 alumnos do centro

	Robots	16 mbots 3 tiny 1 ozobot	Recente adquisicións (últimos cursos)
	Conexión a Internet	-	A veces non funciona
Sá de mestres/as	Ordenadores	5 (3 Windows e 2 Linux)	Necesitan renovación (e limpeza constante)
Despachos	Ordenadores	1 por despacho + 1 con webcam	Correcto
Biblioteca	Ordenadores	1 de xestión 4 de consulta	Correcto
	Equipamento Radio	1 mesa de mezclas 2 micrófonos 2 soportes de micros 3 altavoces grandes	Recén adquirido este ano

- **Servizos dixitais educativos.**

O centro conta cunha **páxina web** na que se publica principalmente información para as familias e certa documentación. Nos vindeiros cursos preténdese renovar a páxina para publicar nela unha maior mostra da práctica educativa.

Por outra banda, tamén está dispoñible a **aula virtual** que empregan bastantes mestres como complemento á práctica docente. E en 5ºEP dispoñemos do moodle de **Edixgal** así como dos libros dixitais.

Tamén estamos dados de alta na rede **Agueiro**, coa idea de comezar a compartir os nosos recursos a nivel interno.

A maiores, empregamos outras ferramentas no noso día a día como o **correo corporativo**, **abalarmóbil**...

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O equipo TIC do centro estase formando para poder realizar o mantemento básico do equipamento, recibindo axuda doutros docentes con coñecementos.

Por outra banda, o soporte máis técnico é realizado por parte dunha empresa externa contratada polo centro educativo.

- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.**

Na actualidade non contamos con ningún protocolo específico neste ámbito, polo que consideramos a necesidade de ir introducindo no noso proxecto educativo este tipo de aspectos, como un plan específico para promover os dereitos de imaxe na creación do material docente.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O resumo das áreas do informe SELFIE da etapa de primaria obsérvase na táboa:

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5
	Profesorado	3
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3
	Profesorado	2,5
	Alumnado	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,1
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,1
	Alumnado	4

Con respecto ao Test CDD, a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro, amósase a continuación:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	31	77,4%
PROVISIONAL	5	6	83,3%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	6	8	75%
OUTROS	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,8	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57,7	EXPLORADOR/A (A2)	68,2	INTEGRADOR/A (B1)
PRI.	70	INTEGRADOR/A (B1)	77	INTEGRADOR/A (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5,3%
A2	19	50%
B1	11	28,9%
B2	6	15,8%
C1	-	.
C2	-	.
TOTAL	38	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes (como a observación directa, a reflexión grupal co profesorado ou a valoración das incidencias ocorridas habitualmente), o equipo de traballo de plan dixital deste centro reflexionou sobre as Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades que se nos presentan en cando á realidade dixital. A partir de aí, xerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1 O centro busca equipos dixitais (robots, ordenadores...) por outras vías (programas, premios...) para suplir as carencias da administración. 2 Dípense dunha conexión adecuada a internet pero con certas limitacións nalgunhas zonas. 3 Boa resposta de AMTEGA e UAC cando se solicita. 4 Dísponse de dispositivos dixitais do centro para o uso do alumnado. 5 O alumnado neae dispón de recursos tecnolóxicos asistenciais de forma persoal.	1 Carencia de equipamento dixital básico para a estratexia dixital (ordenadores en bo estado, PDI, tablets...). 2 O espazo físico non se adecúa para nada á estratexia dixital. 3 Só se conta cos ordenadores de fenda dixital para o préstamo ao fogar.
	PERSONAL DOCENTE	1 Búsqueda de recursos de forma autónoma para solucionar pequenos retos dixitais. 2 Debátase sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e aprendizaxe dixital. 3 O equipo directivo e parte do claustro apoia o DPC. 4 A maioría do equipo docente busca e emprega recursos en liña. 5 Empezan a empregarse as ferramentas dixitais en materia de avaliación xunto a outras ferramentas.	1 Detectamos dificultades ante as TIC en problemas puntuais pero non avaliamos o progreso global. 2 Non existe un plan para axudar aos docentes a enfrentar os desafíos da aprendizaxe mixta. 3 Parte do claustro non considera tan necesario o DPC. 4 Non se comparten experiencias entre a comunidade educativa nin fóra dela. 5 Pese a formación ofertada, hai docentes que non actualizan os seus coñecementos. 6 En xeral, pouco profesorado é capaz de crear recursos dixitais propios. 7 O profesorado presenta numerosas carencias en canto a software libre. 8 A media dos resultados acadados no test CDD é baixa (NIVEL B1: Integrador).
	PERSONAL NON DOCENTE	1 Comunicación oficial a través de servizos corporativos (correo electrónico). 2 Guía e asesoramento ao persoal non docente en canto a trámites dixitais.	
	ALUMNADO	1 Non se permite que o alumnado traia un dispositivo alleo ao centro. 2 O profesorado emprega as TIC para motivar e adaptar a ensinanza a cada alumno/alumna. 3 Foméntase a documentación responsable a través das redes. 4 Dende o centro insítese no manexo responsable de Internet. 5 Ao longo dos niveis educativos, ensínase a crear diversos contidos dixitais adecuados á idade, en diferentes contextos e materias.	1 A maioría de docentes non facilita que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe ou se retroalimente a través das TIC. 2 Só parte do alumnado recibe acceso a entornos virtuais de aprendizaxe (aula virtual, edixgal...). 3 Pódese mellorar a colaboración entre o alumnado en termos de materia dixital, ao igual que en proxectos interdisciplinares.
	FAMILIAS	1 Existen medidas para detectar dificultades para o ensino mixto. 2 Empréganse diferentes medios dixitais para a comunicación (abalarmóbil, páxina web, correo electrónico...).	1 A páxina web do centro é mellorable de cara á difusión de información.
	OFERTA	1 Dende a pandemia hai maior interese na formación dixital e unha oferta acorde a isto. 2 O equipo directivo promove no centro o uso de software libre (tanto docentes como alumnado).	1 En materia TIC non se colabora con outras entidades, centros nin institucións. 2 Non se conta con suficiente repositorio en liña de recursos.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1 O equipo directivo fomenta o desenvolvemento dixital e a formación dixital. 2 O centro emprega só servizos dixitais corporativos. 3 As reunións ofértanse vía presencial e telemática (Cisco Webex).	1 Non contamos cunha estratexia dixital ben definida. 2 Non se conta con tempo para a exploración dixital no horario lectivo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. Pouca (ou nula) dotación de equipamento dixital en EI, 1º-4º e 6ºEP. 2 En 5º no plan EDIXGAL faltan aínda os armarios de carga. 3. Excesiva carga de burocracia en detrimento da posta en práctica da estratexia dixital.
	LEXISLACIÓN	1. O equipo directivo coñece a normativa relativa ao ámbito dixital.	1 Dificil aplicación da norma nos ámbitos de educación. 2 Carencia de contidos curriculares concretos para desenvolver a estratexia dixital na etapa. 3 Falta duns contidos dixitais mínimos concretos para cada curso. 4 Escasa consideración dos dereitos de autor e licencias de uso. 5 Non se conta con sistema de protección de datos.
	CONTORNA	1 En xeral, boa conexión a internet na zona.	1 Existen familias reacias a empregar servizos corporativos para a comunicación co centro (a pesar de dispoñer dos medios).
	ANPA	1 Familiarizada co CISCO WEBEX para as reunións.	
	OUTRAS ENTIDADES	1. O concello oferta diferentes actividades relacionados co ámbito dixital.	1 Contratación obrigatoria de servizo técnico privado para suplir o mal funcionamento dos equipos ou escasa renovación destes por parte da administración.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas táboas engadidas neste terceiro punto reflíctense os obxectivos definidos para o vindeiro curso, adoptados tendo en conta aquelas cuestións máis básicas neste primeiro ano de aplicación para a posterior profundización dos mesmos. Estes ámbitos básicos no noso centro están asociados a unha mellora da formación dixital do profesorado, a unha mellora na competencia dixital do alumnado (favorecido polo primeiro punto) e finalmente a unha mellora das infraestruturas dixitais para poder levar a cabo todo o anterior.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Seguindo as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital, detectamos as seguintes necesidades no noso centro.

INFRAESTRUTURA DIXITAL	
NECESIDADE	XUSTIFICACIÓN
Conexión á rede na aula de informática (espazo <i>maker</i>) sen cortes	Para poder traballar a competencia dixital (búsqueda de información, elaboración de recursos...) non pode haber días que non funcione a rede.
Conexións electrónicas	Moitos dispositivos non funcionan pola mala conexión ou cableado (altavoces, pantallas...)

EQUIPAMENTO DIXITAL	
NECESIDADE	XUSTIFICACIÓN
Ordenadores modernos para as aulas (un por aula)	En numerosas ocasións, os ordenadores non soportan programas, recursos ou non conectan cos dispositivos externos por quedaren obsoletos.
Tablets para Educación Infantil (2 mínimo por aula)	Para poder traballar algún contido (xogos de reforzo ou repaso), imaxes dos contidos, acceso a información...) sen ser co ordenador dada a complexidade do manexo do rato.
Memorias externas	É recomendable gravar (duplicar) os recursos e documentación nunha memoria externa aos ordenadores.
Ordenadores para a aula de informática	É necesario dispoñer duns ordenadores nun lugar ao que acceder para traballar competencias dixitais vinculadas á informática, máis aló dos dispoñibles para poder traballar na aula <i>maker</i> .
Mobiliario adecuado (armarios de transporte, mesas móbiles...) e un lugar <i>maker</i> ao que acudir a empregar estes recursos	Os robots sen un lugar cómodo ou un armario fácil de mover, supoñen unha dificultade á hora de poder movelos de lugar para traballar con diferentes grupos ou de buscar un lugar amplo.

Equipo de audio (gravación, micrófonos...)	Para poder traballar con calidade no proxecto <i>Radio na biblio "Lola nas ondas"</i>
Pizarras Dixitais Interactivas (PDI) ou Pantallas Táctiles Interactivas	Principalmente nas aulas de infantil, ese recurso dá moito resultado para poder traballar no día a día co alumnado. Tamén en primaria é moi interesante poder realizar actividades/ensinanzas en gran grupo neste soporte.
Armarios de carga E-Dixgal	Empregar libros dixitais sen ter acceso a carga na propia aula non é viable. O alumnado ten que cargar os ordenadores na súa casa cada día.
Equipos de imaxe (cámaras de foto, de vídeo...)	Para poder incluír máis proxectos dixitais asociados á creación precisamos de recursos para poder rexistralo.

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS	
NECESIDADE	XUSTIFICACIÓN
Renovar e reorganizar a páxina web (<i>drupal</i>)	Preténdese que a páxina web do centro sexa o medio de difusión da actividade do centro, non só de documentación, senón tamén de todas as actividades. Para iso, precisa dunha reorganización e formación do profesorado para subir contido.
Dispoñer dunha nube segura	Poder gardar a documentación ou recursos con certas garantías

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 1: (E2)	Crear recursos dixitais para traballar co alumnado na AV corporativa en Infantil e de 1º a 4º de EP, e para Edixgal en 5º e 6º.				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de recursos dixitais propios subidos á aula virtual por mestre					
Valor de partida:	Sen datos					
Valor previsto e data:	2 actividades dixitais realizadas co alumnado na AV por mestre			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1. Solicitar a participación do profesorado na formación dixital	Equipo Directivo	Setembro 2022	Enquisa Valoración das necesidades nos diferentes niveis			
AO1.2: Solicitar e recibir formación a través da liña do Plan Dixital do PFPP sobre a Creación de recursos/actividades dixitais	Equipo Directivo.	Ata o 30 de maio de 2023	Ordenador e conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear recursos/actividades dixitais adaptados ao currículo de EI e primaria e subilos á AV.	Profesorado implicado	Fin do curso 2022/2023	Ordenador e conexión a internet. Batería de ferramentas de uso libre		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Traballar co alumnado coas actividades dixitais creadas	Profesorado implicado	Fin do curso 2022/2023 (xuño)	Equipamento informático Conexión á rede Soporte accesible ante dúbidas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
OBXECTIVO 2:	Organizar os contidos curriculares para desenvolver a estratexia dixital en cada etapa educativa				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e xefe de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de actividades realizadas por parte do alumnado					
Valor de partida:	Sen datos					
Valor previsto e data:	1 actividade realizada polo alumnado			Finais do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Secuenciar os contidos dixitais nos diferentes niveis na programación e adaptala á programación de cada nivel.	Profesorado dos diferentes niveis	Primeiro trimestre do curso 2022/2023	Currículo de Infantil e Primaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Poñer en práctica, a lo menos unha hora semanal, os contidos dixitais asistindo o alumnado, á aula de informática/STEM.	Profesorado dos niveis	Fin de curso 2022/2023	Aula de Informática Recursos Dixitais Profesorado Dispoñible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realizar 1 actividade das propostas en contornos dixitais.	Profesorado do nivel	Fin de curso 2022/2023	Aula Virtual Edixgal Aula de informática Material STEM		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO (C)						
OBXECTIVO 3:	Acadar a dotación STEM necesaria para desenvolver os contidos curriculares STEM a través do proxecto POLOS CREATIVOS				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo, Claustro, CAFI, Consellería de Educación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Aula dotada en equipamento e infraestrutura segundo o proxecto de polos creativos					
Valor de partida:	0 Aulas dotadas					
Valor previsto e data:	1 aula dotada en equipamento e infraestrutura segundo o proxecto de polos creativos			Decembro de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitud de Polos Creativos	Equipo Directivo Claustro Coordinadora de Plan Dixital Equipo Dinamización do Plan Dixital	Setembro de 2022	Implicación do Claustro Proxecto de Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Instalación do equipamento e infraestruturas adquiridos a través dos polos creativos	Equipo Directivo Equipo Dinamización do Plan Dixital	Primeiro trimestre do vindeiro curso (decembro de 2022)	Equipamento e infraestrutura solicitados no proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Posta en marcha do equipamento e recursos desta aula	Equipo Directivo Equipo Dinamización do Plan Dixital	Decembro do 2022	Equipamento e infraestrutura solicitados no proxecto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

ALUMNADO 1ª, 2ª e 3ª Avaliación	PROFESORADO 1ª, 2ª e 3ª Avaliación
Están a realizarse as accións pertinentes para obter os obxectivos fixados?	Están a realizarse as accións pertinentes para obter os obxectivos fixados?
Alcanza o alumnado os obxectivos? Son factibles?	O profesorado precisou axuda para o desenvolver os contidos fixados?
Que dificultades existen?	Que dificultades existen?
Son axeitados os recursos empregados?	Son axeitados os recursos empregados?
Son suficientes os recursos empregados?	Son suficientes os recursos empregados?
É preciso modificar algún recurso, procedemento, contido ou obxectivo?	É preciso modificar algún procedemento, recurso, contido ou obxectivo?
Aspectos negativos do proceso	Aspectos negativos do proceso

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Resultou eficaz e útil o plan?
Funciona a estrutura organizativa para a elaboración e implantación do plan?
Funcionan as estratexias para a difusión e implicación do profesorado no plan?
Precísase máis formación do profesorado para a obtención dunha maior competencia dixital?
É necesaria unha nova distribución espacial/temporal dos diferentes recursos?
Realizáronse as accións correspondentes para a obtención dos obxectivos fixados?
Acadáronse de maneira global os obxectivos fixados?
Modificouse algún contido, procedemento, ferramenta ou obxectivo?
Propostas de mellora

5. Difusión do plan

Este plan dixital cobra especial importancia na sociedade dixital que nos rodea, polo que será difundido entre a comunidade educativa mediante varias vías.

En primeiro lugar, será incluído na documentación do centro (programación xeral anual, programacións de nivel e de ciclo...).

Tamén se presentará en diferentes reunións (Claustro, Consello Escolar, CCP, reunións de nivel/ciclo, ANPA...) dándoo a coñecer, informando das súas directrices, implicando ó profesorado na súa consecución e superando tódalas trabas que vaimos atopando na súa implantación.

Por último, difundirase a toda a comunidade educativa na páxina web, enviando unha mensaxe a través do servizo abalarmóbil co enlace á mesma para que teñan constancia.